

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O Grupo Parlamentario da **Alternativa Galega da Esquerda**, a iniciativa dos seus deputados **Ramón Vázquez Díaz** e **Xabier Ron Fernández** e ao través da **vicevoceira Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate na Comisión IV**, en relación coa adxudicación das Axudas de Apoio á Etapa Predoutoral do Plan I2C.

Exposición de motivos

A grave situación pola que atravesamos a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+I) en Galicia, están a colocar ó noso país á cola do Estado e de toda Europa, na maioría dos indicadores nesta materia. Tanto o número de investigadores do noso Sistema Universitario, como o gasto en Investigación por habitante ou en relación co PIB, non deixan de descender ano tras ano.

Os recortes nas políticas públicas de apoio á investigación levadas a cabo nos últimos anos en Galicia, contrastan co sendeiro seguido pola maior parte dos países europeos situado en mellores condicións diante da crise económica. Países como Alemaña incrementaron un 7% os recursos públicos destinados a investigación, engadidos a unha política de apoio a investigación sostida no tempo e polo tanto estable e continuada. Todos os informes reflicten que a maior parte dos países de Europa, teñen incrementado os seus investimentos en I+D+i nos últimos anos, o que sitúa a Galicia nun escenario de atraso e tremendas dificultades futuras.

A falla dunha política decidida de impulso da innovación e da investigación como piares do futuro de Galicia e dun modelo produtivo viable, concrétase nun retroceso sen precedentes en todas as variables relacionadas co progreso científico e tecnolóxico, tanto no referente á inversión pública como á privada.

As consecuencias deste despropósito reflíctense nos 16.000 mozos e mozas que cada ano marchan de Galicia en busca dunha opción de vida digna. Segundo a Revista Galega de Economía, a metade dos titulados universitarios de Galicia marchan do país cada ano en busca de emprego, o que supón unha perda irreparable da que con seguridade é a mocidade mellor formada da nosa historia.

A situación dos investigadores e das investigadoras é igualmente difícil como consecuencia da redución das bolsas e axudas, da supresión dos grupos de investigación e da falla de medios para desenvolver o seu potencial e coñecementos.

Un exemplo claro desta realidade atopámola nas convocatorias de axudas da etapa predoutoral da Xunta de Galicia. Unhas axudas insuficientes ás que tan só poden acceder 92 dos mellores expedientes universitarios do noso país e que o Goberno Galego ameaza con recortar pola vía dos feitos.

De acordo co artigo 13 da Orde do 28 de novembro de 2014 pola que se convocan as axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan I2C, publicada no DOG do 10 de decembro, aqueles titulados que non accedan en base ao baremo a unha destas axudas, pasará a formar parte dunha lista de agarda para cubrir as renuncias, baixas ou incompatibilidades producidas dentro dos catro meses transcorridos dende a publicación da resolución das axudas, producida o 14 de Abril de 2015. Un prazo que polo tanto remataría o 15 de agosto do presente ano.

Con frecuencia os titulados universitarios presentan solicitudes de axuda a diferentes tipos de bolsas e convocatorias. De feito a maior parte dos predoutorais con opcións, solicitan de xeito simultáneo as axudas da Xunta e do Ministerio de Educación para ter mais opcións de acceder a unha delas dado o escaso número de solicitudes

adxudicadas.

As bolsas convocadas polo Ministerio de Educación para contratos predoctorais FPU tiveron a súa resolución provisional o 15 de Xullo e teñen un prazo dun mes para recurso potestativo de reposición (ata o 15 de agosto). Polo tanto a resolución definitiva non será antes de primeiros de setembro. Non será ata esa data cando os novos FPU podan tramitar a renuncia á bolsa da Xunta, unha data que supera amplamente a data límite do 15 de agosto, como límite para permanecer na lista de agarda.

O certo é que todas estas renuncias deberan ser cubertas polas persoas incluídas na lista de agarda, mais os prazos establecidos, deixan sen opcións de acceder ás bolsas da Xunta a moitos alumnos e alumnas que reúnen os requisitos para poder acceder a elas, producíndose un severo atranco no desenvolvemento académico e profesional de moitos dos mellores expedientes académicos do país.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión:

- O Parlamento Galego insta ó Goberno Galego a adxudicar todas as prazas de axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan I2C da Xunta de Galicia, incluídas as vacantes producidas polas renuncias ou incompatibilidades constatadas e ampliando o prazo de xeito que as prazas desocupadas polos bolseiros FPU asumidos polo Ministerio de Educación, podan ser cubertas polas persoas incluídas na lista de agarda.

En Compostela, a 23 de xullo do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/07/2015 12:21:11

Jose Javier Ron Fernandez na data 23/07/2015 12:21:14

Ramón Vázquez Díaz na data 23/07/2015 12:21:18